

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 7 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás ao 3a)
D. José Ángel Hermida Fernández (asiste aos puntos 2a, 3, 8 e 9)
D. José Ángel Otero Lamas (como vogal suplente de Jerónimo Centró
Castaños, asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 9 de agosto de 2018

Retírase por falta de quórum.

b) Acta do 14 de agosto de 2018

Apróbase a acta da sesión do 14 de agosto de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta do 31 de agosto de 2018

Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106) (emenda da documentación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:14	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A349-C7DFDA-DFC581-3YLPF8-H7FGNG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 31 de agosto de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) esixido na cláusula 8.3 do PCAP debidamente cumprimentado.
2. ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lotes 1 e 2): deberá emendar a solvencia económica e técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e cláusula 8.3 do PCAP, pois a que declaran é insuficiente para este contrato; así mesmo, indicarán se posúen a habilitación profesional esixida no apartado 5G do referido Anexo I.

Dos anteriores licitadores, presentou documentación en prazo ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO).

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento a LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. por non ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos (DEUC).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Retírase este asunto da orde do día.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de nadal (5.481-106)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:14	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A349-C7DFDA-DFC581-3YLPF8-H7FGNG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

Retírase este asunto da orde do día.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo de Comercio de data 4 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación dos subministros e servizos de instalación dun poboado de montaña durante as campañas do Nadal (5.748-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo de Comercio de data 4 de setembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

Retírase este asunto da orde do día.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:14	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A349-C7DFDA-DFC581-3YLPF8-H7FGNG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 29 de agosto de 2018:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.
2. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS S.A.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO, S.A.	94,80
2	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRA S S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	91,42
3	S.A. DE OBRAS E SERVICIOS, COPASA	88,94
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	66,24
5	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	29,52

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi publicado no perfil de contratante, presentando o licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 6 de agosto de 2018, a documentación requirida.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de setembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 21 e 29 de agosto de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:14	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A349-C7DFDA-DFC581-3YLPF8-H7FGNG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ORECO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós" (64-441) por un prezo total de 3.079.173,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 534.402,03 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas, logo dun receso de 25 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 11:14	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A349-C7DFDA-DFC581-3YLPF8-H7FGNG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		